



Estimadas familias:

Iniciamos xa un novo curso escolar e o persoal do centro queremos darvos a benvida e lembrarvos a seguinte información:

- As familias, agás as de Educación Infantil, non poderán acceder ao recinto escolar durante as entradas e saídas do alumnado. Deberán deixar e recoller aos nenos/as no lugar e hora indicados. O profesorado encargárase de recollelos e acompañalos en todo momento.
- A medición de temperatura e a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID - 19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar. No caso de que se detectase sintomatoloxía o alumnado non acudirá ao colexio. (ANEXO I)
- Hai instalados dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e en todos os corredores. Recoméndase que cada alumno/a teña un bote pequeno de xel hidroalcohólico para uso individual, agás na etapa de Educación Infantil.
- Recordámosvos que o uso da máscara é obrigatorio a partir dos 6 anos de idade, durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo. Recoméndase o seu uso para o alumnado de Educación Infantil, sempre que exista boa tolerancia.
A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo.
- Tamén será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un contedor específico para gardala.
- O alumnado terá material de uso individual, que gardará de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.
Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxo e na medida do posible todo rotulado co seu nome.
- Co fin de evitar aglomeracións continuamos coa mesma distribución de entradas e saídas ca o curso anterior.

Un saúdo

A dirección.

ANEXO I ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta [no seu/súa médico/a ou pediatra.](#)

Presentou nos últimos días?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nos últimos 10 días?	cunha persoa Covid-19 + confirmado?		